



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 403/2015, DO 22 DE XULLO.

Mediante Resolución de Alcaldía nº 364/2015 do 7 de xullo aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición, dunha praza de XEFE DE BRIGADA para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais no Concello de Cabana de Bergantiños.

Transcorrido o prazo de 6 días naturais a contar dende a publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no xornal "La Voz de Galicia" e na web do Concello, tal como establecían as bases.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 389/2015 do 16 de xullo onde se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos para 1 XEFE DE BRIGADA de incendios, e onde se convocaba aos aspirantes para a realización da proba física de esforzo (proba do banco) o venres día 17 de xullo as 8:15h da mañán na Clínica Vimianzo Saúde.

Vista a acta nº 1 do tribunal de selección con data do 17 de abril do desenvolvemento da proba física realizada o día 17 de xullo de 2015 ás 8:15h en Vimianzo e vistos os resultados da mesma valorados e contrastados polos profesionais da Clínica Vimianzo Saúde, na que aparece a calificación dos aspirantes de aptos e non aptos.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 396/2015 do 17 de xullo na que o martes 21 de xullo foron convocados os aspirantes a xefe de brigada que superaron a proba física á realización da entrevista persoal e a valoración de méritos por parte do tribunal de selección.

Vista a acta do tribunal de selección nº 2 do día 21 de xullo de 2015, onde por unanimidade dos seus membros aparecen reflectida as valoracións da fase de oposición e a fase de concurso para un xefe de brigada.

En virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, RESOLVO:

**PRIMEIRO.:** Publicar a valoración total dos aspirantes para **1 XEFE DE BRIGADA** de incendios.

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
Allo Rama José David	4,10
Lema Nantón Iván	4,00

**SEGUNDO.:** Convocar ao aspirante a xefe de brigada con maior puntuación, que neste caso corresponde a D. José David Allo Rama para a realización do recoñecemento médico **o venres 24 de xullo ás 8:15h na Clínica Vimianzo Saúde**, con dirección na Rúa Tras do Muíño nº 8, baixo CP 15129 Vimianzo (A Coruña). O aspirante preseleccionado deberá ir provisto de DNI e en saxún.

**TERCEIRO:** Proceder a expoñer no taboleiro de anuncios do Concello a presente resolución, e extracto da mesma na web do Concello ([www.cabana.gal](http://www.cabana.gal)) de conformidade co previsto nas bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 364/2015 do 7 de xullo.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente Don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o 22 de xullo de dous mil quince, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certificado.

O Alcalde,

A Secretaria en acumulación de funcións

Asdo.: José Muíño Domínguez.

Asdo.: Rosa Ana García Fernández